



SALINAE
Centro Arqueolóxico do Areal


1º & 2º
PRIMARIA

A vida cotiá dos romanos e o sal

A Casa

Como vestían os romanos

O valor do sal



A vida cotiá dos romanos e o sal

O sal formaba parte da vida cotiá dos romanos. Estaba nas crenzas, na medicina, na economía, na vestimenta e, como non, na cociña.

Un monte de sal – Fidelidade

O sal simbolizaba a boa sorte e a amizade e estaba presente nos banquetes indicando boa vontade e compromiso.

Medicina

Con sal curábase as persoas e animais domésticos. Os médicos romanos receitábano só ou mesturado con graxa, mel, aceite, fariña, uvas, viño ou vinagre.

A Cociña

Para conservar a comida os romanos xa usaban o sal. Ao non haber luz eléctrica non existían os frigoríficos nin os conxeladores. Salgaban peixes (atún, xarda), carnes (xamón) e verduras (col, espárragos, olivas)

A PALABRA «ENSALADA» VÉN DE VERDURAS SALGADAS.



ACEITE, TRIGO E VIDE COMPOÑEN A TRÍADA MEDITERRÁNEA QUE XA COÑECÍAN OS ROMANOS. A RIQUEZA ROMANA TIÑA MOITO QUE VER CO COMERCIO CON ESTES PRODUTOS POLO MAR MEDITERRÁNEO.

Un exemplo son as **olivas**, que eran un aperitivo para as clases poderosas pero para os máis humildes eran a comida.

Coas olivas tamén se facía **aceite**, unha das bases da cociña mediterránea tan sa que chegou ata nós.

Actividades

- 1 A dieta dos romanos (almorzo, comida e cea)
- 2 Obradoiro de salgado de verduras

A casa

Coa chegada dos romanos comeza a cambiar a forma de construír as casas. Ademais das casas redondas co tellado de colmo comezan a aparecer casas cadradas e rectangulares co tellado de tella.

Aparecen tamén xunto ao mar outras casas máis grandes chamadas **villae** que se semellan as granxas de hoxe en día. Nestas **villae** explotábanse os recursos do mar.

A **villa** romana de **Toralla**, en Vigo, ten incluso piscinas de auga quente dentro da casa para o lecer. Na praia do lado facían o seu propio sal para conservar o peixe que pescaban.



Hoxe en día podemos seguir facendo cousas cando se fai noite grazas á luz eléctrica. Os romanos debían iluminarse con fachos, velas de cera e lámpadas de aceite. Estas lámpadas chámanse **lucernas** e podemos ver unha que se conserva en Salinae. Posibelmente estas lucernas funcionaron con saín da salgadura de peixe.

As vivendas dos persoeiros importantes estaban moi decoradas. Nos salóns o chan facíase con pequenas pedriñas de cores chamadas teselas. Estes cadros de pedra chámanse **mosaicos**. Os mosaicos contaban historias coma se foran cómics, moitas veces sobre batallas ou deuses.



Nas casas tiñan moi poucos mobles e os que había eran moi prácticos. Entre eses mobles destacaba o **triclinium**, que se utilizaba para durmir e como sofá e tamén para comer deitados.

Actividades

- 1 As tellas romanas
- 2 Aprender a construír

Como vestían os romanos

Na época dos romanos as persoas non eran tratadas todas por igual. Os máis privilexiados eran os cidadáns, que tiñan os seus dereitos e despois estaban os escravos, que non tiñan ningún tipo de dereito e eran tratados como obxectos en lugar de como persoas. Por riba de todos eles mandaba o emperador.

Ao ser un estado tan desigual, esixíase ás persoas que se identificasen coa vestimenta, co que era moi sinxelo diferenciarlos pola roupa que levaban:

Un manto, a toga, era a prenda principal e só podían utilizala os cidadáns para diferenciarse dos escravos. A de cor púrpura distinguía ao emperador e os cidadáns vestían de branco. A toga dos cidadáns era normalmente branca e na das clases máis altas utilizaban tinguidura de cor púrpura.



SOLA DE SANDALIA. COIRO. S. II D.C.



As mulleres vestían cun vestido ata os pés (*stola*) sobre o que levaban un manto cando saían en público (*palla*).

O calzado máis utilizado polos romanos era a sandalia (*sola*). Os cidadáns ricos utilizaban sandalias na casa, coma se fosen zapatillas, e na rúa utilizaban zapatos (*calcei*).



COLAR TARDORROMANO

Como xoias os romanos usaban fibelas (*fibulas*), uns broches cos que remataban os vestidos, e tamén aneis e colares. Un deles, feito con doas de ámbar pode verse na exposición.

Actividades

- 1 Xogamos a zapateiros
- 2 Modistos do imperio
- 3 Miña xoia

O valor do sal

O sal é un mineral moi necesario xa que con el:

- Sazonamos a comida para que non saiba sosa.
- Conservamos os alimentos, coma o xamón e o bacallau.
- Conseguimos que o noso corpo reteña a auga, e fortalecemos o cerebro e os músculos.

Unha persoa adulta ten no corpo aproximadamente douscentos cincuenta gramos de sal. Con esa cantidade poderíanse encher dous ou tres saleiros. Para manter esa cantidade e non eliminala pouco a pouco debemos tomar todos os días pequenas cantidades de sal coa comida.



Cando non había frigoríficos nin conxeladores, a comida salgábase para conservala máis tempo e que non podrecese. Un peixe podía ser transportado desde o mar ata moi lonxe sen que se perdesse sempre que se salgase.

Hoxe en día o sal é moi barato pero ata hai poucos anos chamábase «ouro branco» xa que era moi importante para as civilizacións e del podía depender a súa riqueza.



Desal, SALARIO

Na época romana o sal utilizouse como forma de pagamento, tiña tanto valor que ás veces substituíu os cartos.

Actividades

- 1 Corpos de sal... e algo máis
- 2 Moedas de sal